

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita en Cumbraos, parroquia de Cuiña; para demolición parcial de edificación sita en solo urbano, na avenida da Coruña, número 109; para acondicionamento de fachada no edificio sito en solo urbano, na rúa Montirón, número 64-70; para acondicionamento de fachada da planta baixa do edificio sito en solo urbano na ronda das Fontiñas, número 51 e para legalización de planta soto no edificio existente con licenza de obras de reestructuración número 197/08, sita en solo urbano na Praza Maior, número 19.

Acórdase a denegación de licenza de agrupación e parcelación de fincas sitas en solo clasificado como área de expansión e núcleo rural, recollido no PXOM co número 39.3 de Nadela.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación da relación de postos de traballo do Concello de Lugo.

Tamén se acorda a rectificación do acordo 14/748 de modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, así como modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral, en quenda de consolidación de emprego temporal.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	ppurI/MhiOi9NCyDJqgPLA==	PÁGINA 1/2



ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg04

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-1-2013


Así mesmo acordase a rectificación do acordo 15/749 de modificación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Acórdase a rectificación do acordo 16/750 de modificación das bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de Delineante pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:ppurI/MhiOi9NCyDJqgPLA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	25/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	ppurI/MhiOi9NCyDJqgPLA==	PÁGINA	2/2


ppurI/MhiOi9NCyDJqgPLA==